

CLUB DE MONTAÑISMO "MONTAÑAS DE TREVINCA"

REUNIDOS en Vilanova de Trevinca, 25, A Veiga, o día 17 de marzo do 2024, os/as socios/as que a continuación se relacionan:

1. Antonio Fernández Pena. **Presidente**
2. Marcos Pérez Rivas. **Secretario**
3. Mónica Rodríguez Fernández. **Tesoureira**
4. Juanjo Lorenzo Veigas. **Vogal de Montaña** (Videoconferencia)
5. Gerardo Atienza Merino (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
6. Paulo Alexandre Botelho Rodrigues Pires (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
7. Laura María Gonçalves Pires (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
8. María do Carmo Dias da Cunha (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
9. Carla María Botelho Rodrigues (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
10. José Alonso Moreira (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
11. Visitación Isaura Suárez Gómez (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
12. Sonia Suárez Amatriain (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
13. Manuel Ferreiro Expósito (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
14. Enrique Carrera Soto (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
15. Roberto Giménez Hortas (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
16. Roberto Goris Míguas (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
17. Juan Tojo García (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
18. Eduardo Galovart Alcalá del Olmo (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
19. Javier Pacoret Balsa (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)
20. Eloy Pérez Monzón (Voto delegado en Antonio Fernández Pena)

e unha vez comprobado polo secretario o quórum necesario e totalizando un número de socios/as asistentes de 20, entre presentes e delegados/as, se abre a sesión (en segunda convocatoria) cando son as 20:00 horas, pasándose a desenrolar os seguintes puntos do día enviados con anterioridade na convocatoria desta asemblea:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior


Como a acta da anterior Asemblea Xeral Ordinaria está publicada no taboleiro da nosa web, non se considera que haxa que lela nesta asemblea, quedando aprobada por unanimidade sen que se fagan achegas.

2. Aprobación se procede da memoria e balance económico do exercicio do pasado ano 2023

A tesoureira informa e comenta o balance de situación de ingresos e gastos do pasado ano 2023. A día 31 de decembro do 2023 o clube ten na súa conta bancaria un total de 4557,57 €, resultando un saldo anual positivo de 1091,57 €.

As contas se reflicten nesta acta para que quede constancia das mesmas.

	<u>INGRESOS (con IVE)</u>	<u>GASTOS (con IVE)</u>	<u>DIFERENZA</u>
Ingresos por cursos e actividades	2.022,00 €		2.022,00 €
Cotas Socios	2.328,00 €		2.328,00 €
Licenzas Federativas	3.940,00 €	4.333,00 €	-393,00 €
Seguros Individuais Actividades	210,00 €	217,00 €	-7,00 €
Imposto sociedades	111,75 €		111,75 €
Gastos e Comisi3ns bancarias		106,69 €	
Gastos liq.remesas		59,30 €	
Impostos		168,00 €	
Servizo mantemento de conta		117,20 €	
Abono adhesi3n seguro FGM		50,00 €	
Impresi3ns, carteleria, etc.		105,15 €	
Desprazamentos xestions clube		232,96 €	
Xestoria		228,60 €	
Gastos responsables actividades		1.278,32 €	
eDixitos (mantemento web)		127,29 €	
Pinchos actividades		150,00 €	
Transporte participantes actividades (bus)		319,00 €	
Terra deporte e aventura		84,12 €	
Dispoñible en tarxeta	56,45 €		
TOTAIS	8.668,20 €	7.576,63 €	1.091,57 €
DISPOÑIBLE EN CONTA 01-01-2023			3.409,00 €
DISPOÑIBLE EN CONTA 31-12-2023			4.500,57 €
CAIXA EFECTIVO 01-01-2023			0,00 €
CAIXA EFECTIVO 30-12-2023			0,00 €
DIFERENZA ANUAL*			1.091,57 €


Fdo: Mónica Rodríguez
Tesoureira

As contas son aprobadas por unanimidade.

3. Aprobación se procede, do orzamento do presente ano 2024

A Tesoureira informa da previsións de ingresos e gastos para este ano 2024. Con relación ao importe do imposto de sociedades comenta que se fai unha estimación similar a do ano 2022, sobre 450 €, porque no ano 2023 nos devolveron parte do adiantado ter menos ingresos por actividades. Esta cantidade pode modificarse debido a que non se abre o prazo de presentación do mesmo ata o 1 de xullo. Esta data é posterior a data da celebración desta asemblea.



Clube de montaña Montañas de Trevinca PREVISIÓN DE INGRESOS E GASTOS AÑO 2024

Estimación de ingresos:

Cotas de socios	2.400,00 €
Actividades	1.400,00 €
Tramitación de licenzas federativas	4.500,00 €
Seguros individuais por actividades	200,00 €
Total	8.500,00 €

Estimación de gastos

Tramitación de licenzas federativas	4.500,00 €
Pagos responsables das actividades	1.500,00 €
Seguros de RC	50,00 €
Gastos correntes oficina/fotocopias/etc	150,00 €
Xestoria	265,00 €
Impostos	200,00 €
Impostos Sociedades*	450,00 €
Comisións bancarias	320,00 €
Quilometraxes	400,00 €
Dominios, web, etc	150,00 €
Programa de administración	500,00 €
Clausura actividades	300,00 €
Total	8.785,00 €

*Adianto do Imposto de Sociedades

En Vilanova a 2 de xaneiro de 2024

Asdo: Mónica Rodríguez

Tesoureira

Neste punto se comenta que este ano se manterá a cota anual en 15 € tal como se lle indicou aos socios e socias nun correo e aprobou na reunión de xunta directiva.

Este orzamento se aproba polos presentes por unanimidade.

4. Memoria das actividades do pasado ano 2023

O presidente informa sobre as actividades realizadas no pasado ano 2023, presentando o documento de memoria de actividades.

Informa tamén sobre o número de participantes nas actividades, aclarando que houbo un descenso de participantes debido a que varias actividades houbo que anulalas por mala meteoroloxía ou anuncio da mesma, evitando a anotación previa. A diferenza tampouco foi moita.

Esta opinión é compartida polos asistentes.

5. Programa de actividades do ano en curso

Os presentes acordan facer un calendario anual, o cal, está xa posto na páxina web e no Facebook.

Este ano se se propón unha actividade por mes, exceptuando o mes de decembro dado que é un mes complexo para a participación de actividades polos diferentes días festivos.

27/28 Xaneiro	-	Xornadas Técnicas Montañismo Invernal
25/26 Febreiro	-	Xornadas Técnicas Montañismo Invernal
16/17 Marzo	-	Xornadas Técnicas Montañismo Invernal
27 Abril	-	Ruta do Volframio e “Fuxidos”
25 Maio	-	As Cores de Trevinca - Percorrido ornitolóxico
16 Xuño	-	Día da Montaña Galega e “Unha aberta a Trevinca”
20/21 Xullo	-	Marcha Nocturna “Entre Lobos e Estrelas”
3/4 Agosto	-	Os Ceos nocturnos en Pena Trevinca – Cima de Galicia
14/15 Setembro	-	Xornadas Técnicas – Manexo de Cordas de Montaña
5 Outubro	-	As Cores de Trevinca: Outono botánico
30 Novembro	-	O Belén da Cima de Galicia

Acórdase por unanimidade este calendario.

6. Comunicación do listado de socias/os, altas e baixas

O Secretario da conta do actual listado de socios e socias do club, que neste momento conta cun total de 155, comentando tamén as altas e baixas rexistradas ata o día de hoxe. Neste número de socios/as

están contabilizados os dous socios aos cales se lles deu de alta gratuíta por catro anos, Araceli e Diego.

Neste cómputo total de asociados/as hai dous aos que se lles enviou un correo electrónico para que confirme se continúa esta anualidade 2024, pero inda non hai resposta pola súa parte.

Se acepta por unanimidade o listado actual de socios e socias comunicado polo Secretario.

7. Rogos e preguntas

Mónica pregunta sobre a súa proposta realizada anteriormente con relación a celebración dunhas xornadas destinadas a resolución de conflitos cos participantes ou responsables en actividades con grupos. O Presidente respóndelle que se pode pensar nelo pero que habería que falar con Jose Manuel e darlle unha volta a proposta para ver en que sentido se pode enfocar. A proposta se considera moi interesante pero complexa. Non quedando incluída no calendario deste ano para pensar como executala.

Non habendo máis asuntos que tratar, se levanta a sesión cando son as 22:00 horas. O Sr. Presidente firma comigo esta acta, o Secretario, que dou fe.

Secretario

V° B° Presidente

Marcos Pérez Rivas

Antonio Fernández Pena

En Vilanova de Trevinca, a 17 de marzo do 2024.